

---

## Nova versión dos compiladores de Fortran de Portland Group instalados no SVGD.

- Actualizado (21.12.2007)

Recentemente instalouse a última versión (7.1) do compilador de Fortran de Portland Group no SVGD con soporte para unha ampla variedade de procesadores (64-bit AMD64, 64-bit Intel EM64T ou 32-bit x86).

O paquete de software PGI Fortran Workstation inclúe o compilador de Fortran 95 PGF95, o compilador de Fortran 77 PGF77 e o compilador de High Performance Fortran PGHPF . PGF95 e PGF77 soportan paralelización automática para sistemas SMP mediante unha simple opción do compilador e presentan un soporte total do paradigma de programación OpenMP. Adicionalmente PGI Fortran Workstation dispón dun depurador e un profiler con soporte paralelo.

É posible consultar as "release notes" desta versión en:

[http://www.pgroup.com/support/new\\_rel.htm](http://www.pgroup.com/support/new_rel.htm)

Información adicional sobre PGI Fortran Workstation pódese atopar en:

<http://www.pgroup.com/products/workpghpf.htm>

Así como unha completa guía de uso en:

<http://www.pgroup.com/resources/docs.htm>

USO no SVGD:

Contorna de compilación 64 (svgd):

Versión 7.1

Comandos pgf77 / pgf90 / pgf95

Contorna de compilación 32 (compute-2-0):

Versión 6.1

Comandos pgf77 / pgf90 / pgf95

Contorna de compilación opteron (compute-0-23):

Non dispoñible, recoméndase compilar usando a contorna 64

Contorna de compilación bw (bw2):

Non dispoñible

Para calquera dúbida ou aclaración sobre o uso dos compiladores de Pórtland no SVGD por favor escriba un email a [sistemas@cesga.es](mailto:sistemas@cesga.es) ou [aplicacions@cesga.es](mailto:aplicacions@cesga.es).